

ACORDO 1. Sobre o grao inicial.

A mellora de efectos do grao inicial acordada o 28 de outubro de 2022 (efectos retroactivos) aplicarase non unicamente á categoría/especialidade que consta actualmente na solicitude (por prestar servizos nela), senón ás diversas categorías/especialidades nas que, de ser o caso, se tivera prestado servizos algún día desde o 7 de agosto de 2018.

Para a execución desta medida, en febreiro ou marzo de 2023 abrirase un prazo para presentar a solicitude de grao inicial nesas outras categorías/especialidades.

ACORDO 2. Sobre un dos requisitos para o encadramento excepcional no grao I (prestación de servizos entre o 1 de xullo e o 28 de setembro de 2018).

O persoal estatutario pode solicitar o encadramento no grao I na categoría/especialidade na que preste servizos calquera día entre o 1 de novembro de 2022 e o 31 de xaneiro de 2023, sempre que nesa categoría/especialidade se cumpran os seguintes requisitos:

- Ter prestado servizos en calquera data entre o 1 de xullo e o 28 de setembro de 2018.
- Ter un período mínimo de cinco anos de servizos prestados o 1 de xullo de 2018.

Acordo (respecto ao primeiro requisito):

O requisito de ter prestado servizos na categoría/especialidade en calquera data entre o 1 de xullo e o 28 de setembro de 2018 entenderase cumprido:

a) Se a solicitude do grao I é nunha categoría/especialidade de "persoal licenciado sanitario", cando en calquera data entre o 1 de xullo e o 28 de setembro de 2018 se tivera prestado servizos nunha categoría/especialidade de "persoal licenciado sanitario".

b) Se a solicitude do grao I é nunha categoría/especialidade de "persoal diplomado sanitario", cando en calquera data entre o 1 de xullo e o 28 de setembro de 2018 se tivera prestado servizos nunha categoría/especialidade de "persoal diplomado sanitario".

c) Se a solicitude do grao I é nunha categoría de "persoal de xestión e servizos", cando en calquera data entre o 1 de xullo e o 28 de setembro de 2018 se tivera prestado servizos nunha categoría de "persoal de xestión e servizos" do mesmo nivel académico (subgrupo ou, de ser o caso, grupo).

ACORDO 3. Sobre un dos requisitos para o encadramento excepcional no grao I (ter un período mínimo de cinco anos de servizos prestados o 1 de xullo de 2018).

O persoal estatutario pode solicitar o encadramento no grao I na

categoría/especialidade na que preste servizos calquera día entre o 1 de novembro de 2022 e o 31 de xaneiro de 2023, sempre que nesa categoría/especialidade se cumpran os seguintes requisitos:

- Ter prestado servizos en calquera data entre o 1 de xullo e o 28 de setembro de 2018.
- Ter un período mínimo de cinco anos de servizos prestados o 1 de xullo de 2018.

Acordo (respecto ao segundo dos requisitos):

Para o cómputo dos cinco anos de servizos prestados o 1 de xullo de 2018, aos servizos como persoal estatutario poderán achegarse os prestados como persoal funcionario ou laboral nas seguintes institucións:

1.- Institucións hospitalarias do Servizo Galego de Saúde transferidas no seu momento á Comunidade Autónoma de Galicia desde as corporacións locais ou a Administración do Estado (procesos de integración no réxime estatutario resultantes do Decreto 447/1996).

2.- Hospitais comarcais de Cee, Barbanza, Verín e O Salnés, ACIS/FEGAS, ADOS/CTG, 061, INGO e Galaria/Medtec (procesos de integración no réxime estatutario resultantes do Decreto 91/2007)

ACORDO 4. Sobre o encadramento excepcional no grao I nunha categoría na que actualmente non se prestan servizos (pero sí no ano 2018).

Suposto: Profesional sen ningún grao recoñecido. Non cumpre os requisitos para acceder ao grao I na categoría/especialidade na que presta servizos actualmente. Sen embargo, se tivera continuado prestando servizos na categoría na que traballou entre 1 de xullo e o 28 de setembro de 2018, hoxe podería solicitar o grao I nesa categoría/especialidade, pois tiña un período mínimo de cinco anos de servizos prestados o 1 de xullo de 2018.

Acordo: neste suposto, e con carácter excepcional, permitirase solicitar o grao I na categoría na que se traballou entre 1 de xullo e o 28 de setembro de 2018.

ACORDO 5. Asimilación da situación do persoal laboral residente en formación do Sergas (MIR, EIR...).

A prestación de servizos como persoal residente en formación do Sergas (incluso nos supostos ou períodos nos que non se estea en situación de servizos especiais) terá a mesma consideración que se outorga no Acordo do 28 de outubro de 2022 ás "situacións asimiladas ao servizo activo (ou reserva de praza)" (prestacións por risco durante o embarazo, risco durante a lactación natural, ...); polo tanto, esa asimilación aplicarase sempre que nalgún momento, dentro dos tres meses anteriores ao inicio da vinculación como persoal residente en formación, se tivera estado en situación de servizo activo (ou con reserva de praza) no Servizo Galego de Saúde ou entidades adscritas.

A asimilación aplicarase para os mesmos efectos. Polo tanto, por unha parte, para cumprir o requisito de ter prestado servizos (servizo activo ou reserva de praza) en calquera data entre o 1 de xullo e o 28 de setembro de 2018; por outra, para cumprir o requisito de estar en situación de servizo activo (ou con reserva de praza) na data na que se presente a solicitude.

ACORDO 6. Persoal funcionario e laboral non fixo.

Do mesmo xeito que dentro do colectivo do persoal estatutario, dentro dos colectivos de persoal funcionario e laboral incluídos no ámbito de aplicación do Acordo de carreira profesional (cláusula 4 do Acordo do 6 de xullo de 2018) tampouco haberá un tratamento diferente en función da duración do vínculo (fixo ou temporal).

En consecuencia, o persoal funcionario ou laboral dese ámbito de aplicación, con vínculo temporal, poderá progresar na carreira nas mesmas condicións ca o persoal con vínculo de fixeza.

ACORDO 7. Períodos asimilados ao servizo activo (ou reserva de praza).

Os períodos aos que se refire o o punto terceiro do apartado III da Resolución do 25 de novembro de 2022 (DOG do 5 de decembro), vinculados a situacións de maternidade e paternidade, serán tomados en consideración non só para cumprir o requisito de ter

prestado servizos en calquera data entre o 1 de xullo e o 28 de setembro de 2018, e para cumprir o requisito de estar en situación de servizo activo (ou con reserva de praza) na data en que se presente a solicitude, senón tamén para os efectos de cumprir o requisito de ter un período mínimo de cinco anos de servizos prestados o 1 de xullo de 2018.